



CASO PRÁCTICO DE PARÁLISE CEREBRAL

DATOS DO ALUMNO:

Pablo é un neno de 10 anos escolarizada en 5º de Educación Primaria.

O diagnóstico é de parálise cerebral adquirida debido a un accidente de tráfico na súa infancia.

Actualmente podemos salientar as seguintes características de Pablo:

1. **COEFICIENTE INTELECTUAL:** mostra un coeficiente intelectual normal, adecuado para a súa idade.
2. **CARACTERÍSTICAS MOTORAS:** presenta unha tetraparesia atetósica tanto con flacidez como con rixidez, con máis afectación do lado dereito. Pablo emprega a cadeira de rodas. Adquiriu unha sedestación normal e esta iniciando a bipedestación pero con axuda. Control cefálico conseguido. Pode mover as mans e brazos aínda que con lentitude e presentando movementos incontrolados (sincinesias). A nivel manipulativo, ten a pinza adquirida e é capaz de dissociar os dedos por iso emprega a tablet e o ordenador de maneira habitual aínda que os tempos de realización das tarefas son maiores. Usa un teclado e ratón adaptados para escribir no ordenador.
3. **LINGUAXE:** presenta unha linguaxe con imprecisión articulatória e a estrutura da mesma debido a súa dificultades redúcese a palabras (holofrases). Responde a preguntas pechadas sen dificultade. Cústalle leer en voz alta. Pablo emprega un comunicador de maneira aumentativa como é o Pictodroid na tablet. Pablo sempre tenta utilizar a linguaxe oral pero usamos o pictodroid para situacións nas que se atopa máis canso ou para contar cousas máis longas. Preparánselle tableros en colaboración coa familia para



que poida contar o que lle sucedeu ou fixo o día anterior e tamén na escola leva para casa no comunicador o que fixo para poder contalo a súa familia.

4. **FORTALEZAS.** Ten unha boa intelixencia musical e espacial. Gústanlle as novas tecnoloxías, a tablet, o ordenador, a robótica... É un neno moi social e esta moi integrado na aula.
5. **TRABALLO NA AULA.** A coordinación do seu titor cos especialistas de AL e PT a través de metodoloxías como o aprendizaxe cooperativo dentro da aula ordinaria permitiu que a neno fose demostrando o dominio dos coñecementos curriculares e mellorando así a súa autoestima, ademais adaptan os materiais para cada tarefa contando coas dificultades que Pablo presenta. A PT esta con el na aula e a mestra de audición e linguaxe traballa nalgunhas sesións fora da aula para traballar tarefas específicas.
6. **Acs.** Presenta unha Acs en Ed. Física e nas Linguas con adaptacións dos estándares e engadindo o sistema de comunicación aumentativa.

TRABALLAMOS SOBRE O CASO PRESENTADO:

- Como adaptariades un “exame de editorial” ás características de Pablo?
- Expoñede outros instrumentos de avaliación que se poderían empregar co neno.